



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

# B A N D O

## NORMAS PARA AS FOGUEIRAS DESAN XOÁN E SAN PEDRO

**D. ALBERTO CORTIZAS REJO, ALCALDE EN FUNCÍONS DO CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA),**

PON EN COÑECEMENTO DOS VECIÑANZA:

- ⇒ As persoas, organizacións ou comunidades que desexen realizar unha fogueira, presentarán a solicitude correspondente no Concello ou a través da sede electrónica, deberán identificar o lugar elixido con referencia catastral ou número de polígono e parcela, así como todos os datos que constan no modelo de solicitude, nome, enderezo, teléfono e DNI do/s responsable/s da organización ou comunidade, que deberán coidar os arredores. As persoas responsables teñen que ser maiores de idade.
- ⇒ Os organizadores deberán coidar os arredores e coñecer o número de teléfono dos bombeiros - (080) e o de Emerxencias - (112)
- ⇒ O volume de combustible da fogueira non sobrepasará os tres (3) metros de diámetro ou nove (9) de perímetro, nin tres (3) metros de altura.
- ⇒ A separación entre as fogueiras e as edificacións, árbores, vehículos e mobiliario urbán será, como mínimo, de doce (12) metros.
- ⇒ Poñerase especial coidado de non situar debaixo de tendidos eléctricos ou telefónicos, así como de que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
- ⇒ Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, etc., e en xeral, calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
- ⇒ En ningún caso se botará ó lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda cando estean baleiros.
- ⇒ No suposto de que a fogueira se realice sobre terreos de uso público enlousado, os organizadores encargaranse de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm.
- ⇒ A hora límite para rematar a celebración é as 03:30 horas da madrugada, de acordo co horario establecido no Decreto da Xunta de Galicia, para a celebración de festas e romarías populares.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

- ⇒ Ó rematar a fogueira e antes de abandonar o lugar, os responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas e a pavimentación quede no mesmo estado no que se atopaba antes de iniciarse o lume.
- ⇒ Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ó remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematada a fogueira e/ou sardiñada.
- ⇒ Qualquer infracción destas condicións ou a realización de cacharelas sen autorización, estará suxeito ao réxime sancionador previsto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e demais disposicións que resulten de aplicación.

O cumprimento destas normas poderá ser comprobado durante os días de San Xoán e San Pedro polos corpos e forzas de seguridade do Estado.

Esta Alcaldía agradece a colaboración de todos os veciños e veciñas para o bo desenvolvemento das festas das noites de San Xoán e San Pedro.

□ PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

**Ata o 19 de xuño de 2026 (a partir desta data non se recolleran máis solicitudes)**

□ LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

**Oficinas municipais / Sede electrónica**

**OS IMPRESOS OFICIAIS ESTÁN DISPOÑIBLES NAS OFICINAS MUNICIPAIS NA PÁXINA WEB DO CONCELLO: [WWW.CONCELLODEMONFERO.COM](http://WWW.CONCELLODEMONFERO.COM) E NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS ELECTRÓNICO**

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo